

## Xustificación e Obxectivos da Actividade

O tempo de rodaxe da nova Norma ISO 9001:2000, dende a súa publicación, demostrou xa os primeiros resultados positivos tra-la implantación dos novos requisitos nas empresas de diferentes sectores de actividade. Tanto as empresas que xa estaban anteriormente certificadas, como aquelas que aspiran a este prestixioso recoñecemento á súa xestión da calidade, deben adaptarse a novas especificacións non contempladas en normas anteriores e que empuxan ás organizacións cara á mellora continua.

A Norma ISO 9001:2000 incorpora un moderno enfoque de xestión da calidade (fronte ao antigo aseguramento da calidade) que facilita que as empresas poidan demostrar a súa capacidade para satisfacer as necesidades dos clientes, con especial énfase na mellora continua.

O enfoque a procesos resalta o papel do técnico e amplía a súa misión como xestor, no camiño da mellora e da toma obxectiva de decisións. Para desempeñar con éxito este papel, resulta imprescindible a comprensión en toda a súa extensión da nova norma ISO 9001:2000 e da súa aplicación práctica na empresa.

Son obxectivos deste curso:

- Conseguir un coñecemento profundo das especificacións contidas na Norma ISO 9001:2000.
- Coñecer a aplicación práctica de todos os requisitos da Norma ISO 9001:2000 e normas relacionadas.
- Coñecer a metodoloxía para o desenvolvemento e implantación dun sistema documentado para garantir o cumprimento dos requisitos de xestión e de calidade, segundo a Norma ISO 9001:2000.
- Capacitar para o desenvolvemento e implantación dun Sistema de Xestión baseado na Norma ISO 9001:2000.
- Coñecer os criterios de auditoría fronte ao referencial ISO 9001:2000.
- Informar dos beneficios que representa a implantación de sistemas de xestión segundo ISO 9001:2000.

## Método de Traballo

As ponencias serán impartidas por persoal especializado con experiencia en asistencia a auditorías de certificación de calidade, co apoio da documentación correspondente, que desenvolve amplamente os contidos do curso. Realizaranse casos prácticos (*metodoloxía do caso*) con documentos reais e asistencia técnica permanente.

**Nº de Prazas:**  
Máximo 20 alumnos.

**Datas e Horario:**  
Días 17, 18, 24, 25 de setembro;  
1, 2 de outubro de 2004.  
Venres, de 16:00 a 21:00 h.  
Sábados, de 9:00 a 14:00 h.

**Características do Curso:**  
30 horas lectivas.  
Entregarase CERTIFICADO DE ASISTENCIA.

**Lugar de Celebración do Curso:**  
Aula de Formación de AMBICAL Proyectos.  
Newton, 17. Polígono Industrial da Grela.  
A Coruña.


**Prazo de Inscripción:**  
Ata o 10 de setembro  
ou ata cubrir o nº de prazas.

## Cotas de Inscripción:

Colexiados COB e estudantes de Bioloxía (1º e 2º ciclo):	190 €.
Non colexiados e outras titulacións.....:	250 €.

A selección farase por rigurosa orde de recepción dos correspondentes boletíns e xustificantes de pago no COBGA. *Non se admiten reservas de praza por ningún medio. O COBGA resérvase o dereito de cancela-lo curso de non haber inscricións suficientes.*


## Información:



Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia

Tel. 981-53 14 40. Fax. 981-53 42 25.  
cursoscobga@terra.es

# Norma ISO 9001:2000



## Novos Sistemas de Xestión da Calidade



Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia

## NORMA ISO 9001:2000. NOVOS SISTEMAS DE XESTION DA CALIDADE

Nome e Apellidos: ..... DNI: .....  
Enderezo: .....  
Poboación: ..... CP: ..... Teléfono: .....  
Titulación: ..... Colexiado nº: .....  
Empresa: ..... Cargo: .....  
Data de nacemento: ..... (aos efectos da póliza de seguro suscrita polo COBGA para os participantes nas súas actividades de formación)  
Observacións: ..... CE: .....

Fago efectivo o importe do curso, euros ..... por medio de transferencia á conta do COBGA nº 2091-0341-82-3040016992 (Caixa Galicia, Urbana 4, Santiago de Compostela). Envólves por fax este Boletín de Inscripción e o xustificante de dita transferencia.

## Programa

### **Tema 1. Estudio da nova Norma ISO 9001:2000:**

- Concepto de calidade dende a perspectiva das normas ISO.
- A familia das normas ISO 9000.
- A nova Norma ISO 9001:2000. Desaparición da ISO 9002 e ISO 9003.
- Estructura, contidos e interpretación da Norma ISO 9001:2000.
- Modificacións máis importantes con respecto a versións anteriores.

### **Tema 2. Implantación de Sistemas de Xestión de Calidade ISO 9001:2000:**

- Avaliación da situación de partida.
- Planificación do proxecto de implantación.
- Definición de responsabilidades.
- Grupos de traballo.
- Formación.
- Ferramentas: Listas de comprobación, diagramas, gráficos, etc.
- Elaboración da documentación.

### **Tema 3. Documentación de Sistemas de Xestión de Calidade ISO 9001:2000:**

- Modificacións importantes no sistema documental.
- Elaboración do Manual de Calidade.
- Redacción de Procedementos.
- Redacción de Instrucións de Traballo.
- Formularios e Rexistros.

### **Tema 4. Auditorías de Sistemas de Xestión de Calidade ISO 9001:2000:**

- A figura do auditor.
- Metodoloxía xeral. Técnicas de auditoría.
- Planificación de auditorías.
- Recollida de evidencias.
- Avaliación de non conformidades.
- Informe de auditoría.
- Seguemento da auditoría.
- Accións correctoras-Accións preventivas.

### **Tema 5. Certificación de Sistemas de Xestión de Calidade:**

- Valor da Certificación.
- Proceso de Certificación.
- Auditoría de Certificación.
- Modificacións habidas no proceso de certificación.
- Validez e emprego do certificado. Retirada do certificado.
- Entidades certificadoras.

## Docencia

Andrés Pilas Pérez. Biólogo. Máster en Gestión y Técnicas de la Calidad pola A.E.C. Diplomado en Estadística aplicada ao Control de Calidade. Diplomado en Mellora da Calidade. Consultor Senior e Auditor Xefe de Sistemas de Calidade. Gerente de Auditoría en AMBICAL Projectos.

Celia Valeiro Novo. Bióloga. Máster en Gestión y Técnicas de la Calidad pola A.E.C. Máis de 8 anos de experiencia en Consultoría de Calidade e Medio Ambiente. Consultora en Calidade Total. Gerente de Consultoría de AMBICAL Projectos. Ponente en diversos cursos internos e externos sobre Xestión da Calidade.

Mónica Fuentes Blanco. Química. Consultora en Calidade. Auditora Xefe de Sistemas da Calidade en AMBICAL Projectos. Actualmente traballa na implantación de Sistemas de Xestión de Calidade e na realización de auditorías de primeira e segunda parte a nivel nacional e internacional. Responsable da área de Asesoría en AMBICAL Projectos.

Jose Juan Rico Rodríguez. Biólogo. Consultor en Calidade e Medio Ambiente. Auditor de Sistemas de Calidade en AMBICAL Projectos. Actualmente traballa na implantación de Sistemas de Xestión de Calidade e na realización de auditorías de primeira e segunda parte a nivel nacional e internacional.

Ana Blanco Sánchez. Química. Consultora en Calidade e Medio Ambiente. Auditora de Sistemas de Calidade e Medio Ambiente en AMBICAL Projectos. Actualmente traballa na implantación de Sistemas de Xestión de Calidade e na realización de auditorías de primeira e segunda parte a nivel nacional e internacional.

Isabel López Filgueiras. Bióloga. Máster Calidad y Medio Ambiente. Consultora en Calidade e Medio Ambiente. Auditora de Sistemas de Calidade e Medio Ambiente en AMBICAL Projectos. Actualmente traballa na implantación de Sistemas de Xestión de Calidade e na realización de auditorías de primeira e segunda parte a nivel nacional e internacional.

## Coordinación

Celia Valeiro Novo / Andrés Pilas Pérez

## Destinatarios

Responsables de calidade, profesionais, directivos, técnicos, encargados e xefes de produción. Licenciados e estudantes universitarios de 2º ciclo interesados no tema.